

Mario Vázquez Raña ou a **galeguidade mexicana**

Mario Vázquez Raña o la **galleguidad mexicana**



Alfonso S. PALOMARES

Antes de coñecelo chegaronme moitas noticias do seu mito. Unha combinación desmesurada de poder, riqueza, xenerosidade afectuosa, calidez humana e culto á amizade. Sabía que era un dos grandes mandarins do deporte mexicano, suramericano e mundial. Un dos grandes señores dos aneis. El e a súa familia forman a saga máis importante ga-

Antes de conocerle me llegaron muchas noticias de su mito. Una combinación desmesurada de poder, riqueza, generosidad afectuosa, calidez humana y culto a la amistad. Sabía que era uno de los grandes mandarines del deporte mexicano, sudamericano y mundial. Uno de los grandes señores de los anillos. Él y su familia forman la saga más impor-

lego-mexicana da historia. Teñen as súas raíces en Aviión e as ramas en México, pero as ramas como en certas árbores caen permanentemente cara ás raíces nunha ósmose permanente. Xa saben que Aviión, o concello ourensán lindando coa provincia de Pontevedra, é como un barrio exclusivo e residencial de México; á parte da familia Vázquez Raña, outros moitos veciños lograron éxitos e fortuna nos negocios e tamén na política como o actual ministro de Gobernación, Juan Camilo Mouriño Terrazo, que é oriúndo, por parte de nai, dese municipio. A Mario Vázquez Raña cádralle como anel en todos os dedos o cualificativo de magnate da comunicación: é o dono, ou mellor dito o patrón, da OEM (Organización Editorial Mexicana) que edita uns 70 xornais en todo o país cun enorme peso social, económico e político. O negocio familiar herdado do pai era de móbiles e os fillos multiplicárono. En 1976, Mario entrou no negocio editorial, ao adquirir a cadea OEM, que contaba con 36 xornais, os “Soles de México”, que se atopaba en serias dificultades económicas con risco de quebra e peche. Era unha aposta arriscada e Mario, que é amigo do risco, apostou con forza a esa carta dedicándose a fondo á xestión. Fixo unha profunda reconversión e orientouna cara a unha grande empresa de comunicación multimedia, saneou os xornais e creou outros novos para reforzar a presenza en todos os estados e nas cidades máis importantes do país. Entrou tamén no mundo da televisión e no da radio. A súa influencia no deporte Olímpico converteuse en lendaria, repetiu moitas veces que para el o movemento olímpico e os seus xogos é o máis maravilloso que celebra a humanidade. Foi presidente de todo o relacionado co deporte, tanto en México como en América e o mundo. É presidente case vitalicio de ACNO (Asociación de Comités Olímpicos Nacionais) e membro moi influente do COI, tanto que presidentes como Samaranch débenlle a el unha importante porcentaxe da súa cadeira de brazos. Moveuse a fondo para lograr que triunfara a súa candidatura e deixoulle un dos seus avións para que puidesen viaxar por todo o mundo e convencer do seu proxecto os electores. Tamén foi decisivo para que Barcelona conseguise converterse en cidade olímpica.

Ata aquí tracei unha descrición apenas telegráfica do personaxe, agora vou cos recordos persoais. Atopeino nun hotel madrileño a principios do 87, había un ano que adquirira a Axencia norteamericana UPI (United Press Internacional) e lucía con orgullo a súa condición de presidente, a min nomeáranme había uns meses presidente da Axencia EFE. UPI era unha das grandes axencias mundiais, estaba presente para recoller e dar información en todos os lugares da terra, pero o gran monstro, que fora a primeira axencia do mundo, estaba con serios problemas e graves dificultades para sobrevivir e Mario propuxérase devolverlle o antigo brillo. Falamos, falamos moito da información internacional e do papel das grandes axencias á hora de definir e concretar os temas informativos da política internacional que marcarían as axendas dos grandes medios. As cousas cambiaron moito nesta sociedade de Internet, pero daquela, non hai moito, as axendas informativas marcábanas as coñecidas como axencias mundiais. Cinco

tante gallego-mexicana de la historia. Tienen sus raíces en Aviión y las ramas en México, pero las ramas como en ciertos árboles caen permanentemente hacia las raíces en una ósmosis permanente. Ya saben que Aviión, el ayuntamiento ourensano lindando con la provincia de Pontevedra, es como un barrio exclusivo y residencial de México; aparte de la familia Vázquez Raña, otros muchos vecinos lograron éxitos y fortuna en los negocios y también en la política como el actual ministro de Gobernación, Juan Camilo Mouriño Terrazo, que es oriundo, por parte de madre, de ese municipio. A Mario Vázquez Raña le cuadra como anillo en todos los dedos el calificativo de magnate de la comunicación: es el dueño, mejor dicho el patrón, de OEM (Organización Editorial Mexicana) que edita unos 70 periódicos en todo el país con un enorme peso social, económico y político. El negocio familiar heredado del padre era de muebles y los hijos lo multiplicaron. En 1976, Mario entró en el negocio editorial, al adquirir la cadena OEM, que contaba con 36 periódicos, los “Soles de México”, que se encontraba en serias dificultades económicas con riesgo de quiebra y cierre. Era una apuesta arriesgada y Mario, que es amigo del riesgo, apostó con fuerza a esa carta dedicándose a fondo a la gestión. Hizo una profunda reconversión y la orientó hacia una gran empresa de comunicación multimedia, saneó los periódicos y creó otros nuevos para reforzar la presencia en todos los estados y en las ciudades más importantes del país. Entró también en el mundo de la televisión y en el de la radio. Su influencia en el deporte Olímpico se ha convertido en legendaria, ha repetido muchas veces que para él el movimiento olímpico y sus juegos es lo más maravilloso que celebra la humanidad. Ha sido presidente de todo lo relacionado con el deporte, tanto en México como en América y el mundo. Es presidente casi vitalicio de ACNO (Asociación de Comités Olímpicos Nacionales) y miembro muy influente del COI, tanto que presidentes como Samaranch le deben a él un importante porcentaje de su sillón. Se movió a fondo para lograr que triunfara su candidatura y le dejó uno de sus aviones para que pudieran viajar por todo el mundo y convencer de su proyecto a los electores. También fue decisivo para que Barcelona consiguiera convertirse en ciudad olímpica.

Hasta aquí he trazado una semblanza apenas telegráfica del personaje, ahora voy con los recuerdos personales. Le encontré en un hotel madrileño a principios del 87, hacía un año que había adquirido la Agencia norteamericana UPI (United Press Internacional) y lucía con orgullo su condición de presidente, a mí me habían nombrado hacía unos meses presidente de la Agencia EFE. UPI era una de las grandes agencias mundiales, estaba presente para recoger y dar información en todos los lugares de la tierra, pero el gran monstruo, que había sido la primera agencia del mundo estaba con serios problemas y graves dificultades para sobrevivir y Mario se había propuesto devolverle al antiguo brillo. Hablamos, hablamos mucho de la información internacional y del papel de las grandes agencias a la hora de definir y concretar los temas informativos de la política internacional que marcarían las agendas de los grandes medios. Las cosas han cambiado mucho en esta sociedad de Internet, pero entonces, no hace mucho,

en total, entre as cales estaban UPI e EFE. Ás poucas semanas daquel encontro recibo unha chamada de Mario cunha proposta increíble: dicíame, case de modo imperativo como soe propoñer estas cousas, que me fora con el á casa do seu irmán Polo a Aviión para a matanza dun porco. Voaba, por suposto no seu jet privado, de Londres a Madrid, onde me recollería. Pensei que en Aviión estaría todo preparado para a matanza, pero en casa de Polo non había ningún porco. Pero Mario era o autor do guiión e director da película. Fixou a matanza para o día seguinte, e a primeira hora da tarde púxose ao volante dun jeep todoterreo do seu irmán, ordenoume subir e fómonos a un pobo situado en plena montaña, non sei se chamaba Barroso, Abelenda ou Vilar, o caso é que a estrada ou pista tiña difícil andadura, con curvas perigosas e atrevidas. Compramos o porco, fermoso, pareceume oír algo de cen quilos. Atáronlle concienzudamente as pernas e colocárono na parte traseira do jeep e botamos a andar de retorno a Aviión. Eu crin que íamos facer o camiño acompañados polos berridos desesperados do porco ao que convivimos en chamar Aurelio. Equivoqueime, o porco aceptou con resignada mansedume acomodarse o mellor que puido e incluso nos miraba con ternura e sen aparente reproche. Mario explicábame de forma apaixonada a importancia da presenza da emigración galega en México, esqueceu o volante por un momento, xusto cando tiña que dobrar nunha curva incerta e perigosa, o coche escorregou e unha árbore oportuna impediu que fosemos monte abaixo. Asusteime de forma ostensible, mentres el, con callo irónico, limitouse a comentar, fíxate que noticia se perderon: o presidente de UPI e o de EFE mátanse nunha estrada perdida dos montes do interior de Galicia ao precipitarse o jeep en que viaxaban pola pendente dun barranco. No jeep viaxaba tamén un porco maniatado que salvou a súa vida con lixeiras contusións. Escoitando as súas bromas eu fun perdendo o susto e recobrando cor. Ao día seguinte, ao mediodía, celebramos o rito da matanza nun patio aberto e ante a mirada curiosa de amigos e veciños. Mario oficiou de matador con maestría e seguridade. Despezouno con precisión e durante dous días, sen apenas descanso, demos conta da súa variada e saborosa anatomía cocinada en guisos e asados diferentes segundo antigas receitas galegas e mexicanas. Tragamos viño sen limitacións de denominación de orixe.

Desde entón atopámonos con certa frecuencia. Sempre que ía a México chamábao e para facilitarme as cousas e os movementos nesa cidade interminable, Mario poñía á miña disposición unha mínima coreografía do seu poder. Esperábame no aeroporto un condutor con dous motoristas, os motoristas ían vestidos cos seus rechamantes uniformes abríndonos o paso. Despois as charlas con Mario, coa súa muller Paquita, oriúnda de Beariz, o concello veciño de Aviión, os seus fillos e os innumerables amigos. Estas veladas e conversacións axudáronme a comprender a alma de México, un país realmente desmesurado nas distintas vertentes desta palabra. Desmesurado. A exaxeración é unha palabra que en México pode ter significados moi concretos, no bo e no peor. A dimensión humana nas súas diversas latitudes, un universo de soles, cráteres e sombras.

las agendas informativas las marcaban las conocidas como agencias mundiales. Cinco en total, entre las cuales estaban UPI y EFE. A las pocas semanas de aquel encuentro recibo una llamada de Mario con una propuesta increíble: me decía, casi de modo imperativo como suele proponer estas cosas, que me fuera con él a la casa de su hermano Polo a Aviión para la matanza de un cerdo. Volaba, por supuesto en su jet privado, de Londres a Madrid, en donde me recogería. Pensé que en Aviión estaría todo preparado para la matanza, pero en casa de Polo no había ningún cerdo. Pero Mario era el autor del guiión y director de la película. Fijó la matanza para el día siguiente, y a primera hora de la tarde se puso al volante de un jeep todoterreno de su hermano, me ordenó subir y nos fuimos a un pueblo situado en plena montaña, no sé si se llamaba Barroso, Abelenda o Vilar, el caso es que la carretera o pista tenía difícil andadura, con curvas peligrosas y atrevidas. Compramos el cerdo, hermoso, me pareció oír algo de cien kilos. Le ataron concienzudamente las piernas, lo colocaron en la parte trasera del jeep y echamos a andar de retorno a Aviión. Yo creí que íbamos a hacer el camino acompañados por los chillidos desesperados del cerdo al que convenimos en llamar Aurelio. Me equivoqué, el cerdo aceptó con resignada mansedumbre acomodarse lo mejor que pudo e incluso nos miraba con ternura y sin aparente reproche. Mario me explicaba de forma apasionada la importancia de la presencia de la emigración gallega en México, olvidó el volante por un momento, justo cuando tenía que doblar en una curva incierta y peligrosa, el coche resbaló y un árbol oportuno impidió que fuéramos monte abajo. Me asusté de forma ostensible, mientras él, con cuajo irónico, se limitó a comentar, fíjate qué noticia se han perdido: el presidente de UPI y el de EFE se matan en una carretera perdida de los montes del interior de Galicia al precipitarse el jeep en que viajaban por la pendiente de un barranco. En el jeep viajaba también un cerdo maniatado que salvó su vida con ligeras contusiones. Escuchando sus bromas yo fui perdiendo el susto y recobrando color. Al día siguiente, a mediodía, celebramos el rito de la matanza en un patio abierto y ante la mirada curiosa de amigos y vecinos. Mario ofició de matador con maestría y seguridad. Lo destazó con precisión y durante dos días, sin apenas descanso, dimos cuenta de su variada y sabrosa anatomía cocinada en guisos y asados diferentes según antiguas recetas gallegas y mexicanas. Tragamos vino sin limitaciones de denominación de origen.

Desde entonces nos encontramos con cierta frecuencia. Siempre que iba a México lo llamaba y para facilitarme las cosas y los movimientos en esa ciudad interminable, Mario ponía a mi disposición una mínima coreografía de su poder. Me esperaba en el aeropuerto un conductor con dos motoristas, los motoristas iban vestidos con sus llamativos uniformes abríndonos el paso. Después las charlas con Mario, con su mujer Paquita, oriúnda de Beariz, el ayuntamiento vecino de Aviión, sus hijos y los innumerables amigos. Estas veladas y conversaciones me ayudaron a comprender el alma de México, un país realmente desmesurado en las distintas vertientes de esta palabra. Desmesurado. La exaxeración es una palabra que en México puede tener significados muy concretos, en lo bueno y en lo peor. La dimensión humana

Mario desprazábase desde a súa casa, en Las Lomas, ata o seu múltiple despacho con sala de cine, ximnasio e restaurante, en helicóptero ou nun autobús convertido en oficina con cuarto de estar. Nunha ocasión tiven que negociar con el, era un negociador moi concreto. ¿Duro e correúdo? Tiña fama, comigo non o foi. O delegado da Axencia EFE comentoume que tiña dificultades cos administradores de OEM para subirlle as tarifas dos distintos servizos que lle prestabamos, e pedíame que interviñese eu co patrón. Fíxeno. Era unha subida notable. Páreceme que o 25%. Argumentei. Argumentou. Cedeu co comentario irónico: normalmente aos amigos fáiselles un bo prezo ao venderlles algo, pero ti vas e auméntasmo. Non falemos máis. Non falamos máis.

Noutra ocasión chamoume para dicirme que quería ver o presidente Felipe González, pedíame que lle preparara unha entrevista; respondílle que faría as xestións oportunas, que pensaba que sería posible que o Presidente atopase un oco na súa axenda endiablada para recibilo nun tempo prudencial. Lembro que empreguei a expresión tempo prudencial. ¿Como prudencial?, dixo, para engadir que estaba no Cairo, que ao día seguinte sairía para Madrid a primeira hora e que só pasaría esa tarde en Madrid. Chamei á secretaria do Presidente, expliqueille quen era a personaxe e puideron facerlle un oco esa tarde. Acompañeiño. Mario calzaba uns botíns puro charro, faltábanlle as esporas. A conversa alongouse máis do programado. A Felipe, profundo coñecedor de México, interesáballo coñecer a versión que tiña un editor das dimensións de Vázquez Raña.

Na súa vocación polo risco e o xornalismo, en 1986, adquiríu a lendaria axencia de noticias norteamericana UPI que pasaba por unha grave crise económica. Tratou de devolverlle o vello esplendor que tivera, pensou que o lograría, pero atopouse cunha dificultade que non calculara, a imposibilidade de vivir en Estados Unidos, por razóns de impostos, máis de dous ou tres meses ao ano e UPI necesitaba toda a súa dedicación e o seu talento. Ademais os norteamericanos, empezando por algúns directivos da axencia, puxeron toda clase de trabas a que un galego-mexicano dominase o grande imperio informativo. Doeulle ter que vendela pero afirmaba que en vista das circunstancias non tiña outra alternativa. Doeulle máis porque non estaba acostumado a ese tipo de fracasos.

Un día de 1999 o presidente de ZETA, o inesquecible Antonio Asensio, chamounos a José Oneto e a min para que fósemos a México a entrevistar a Francisco Labastida, candidato do PRI á presidencia de México. Pepe Oneto faríaa para a

“É presidente da Asociación de Comités Olímpicos Nacionais e cre que o movemento olímpico e os seus xogos son o mais maravilloso que celebra a humanidade”

en sus diversas latitudes, un universo de soles, cráteres y sombras. Mario se desplazaba desde su casa, en Las Lomas, hasta su múltiple despacho con sala de cine, gimnasio y restaurante, en helicóptero o en un autobús convertido en oficina con cuarto de estar. En una ocasión tuve que negociar con él, era un negociador muy concreto. ¿Duro y correoso? Tenía fama, conmigo no lo fue. El delegado de la Agencia EFE me comentó que tenía dificultades con los administradores de OEM para subirlle las tarifas de los distintos servicios que les prestábamos, y me pidió que interviniese yo con el patrón. Lo hice. Era una subida notable. Me parece que el 25%. Argumenté. Argumentó. Cedió con el comentario irónico: normalmente a los amigos se le hace un buen precio al venderle algo, pero tu vas y me lo aumentas. No hablemos más. No hablamos más.

En otra ocasión me llamó para decirme que quería ver al presidente Felipe González, me pedía que le preparara una entrevista; le respondí que haría las gestiones oportunas, que pensaba que sería posible que el Presidente encontrara un hueco en su agenda endiablada para recibirle en un tiempo prudencial. Recuerdo que empleé la expresión tiempo prudencial. ¿Cómo prudencial?, dijo, para añadir que estaba en el Cairo, que al día siguiente saldría para Madrid a primera hora y que sólo pasaría esa tarde en Madrid. Llamé a la secretaria del Presidente, le expliqué quién era el personaje y pudieron hacerle un hueco esa tarde. Le acompañé. Mario calzaba unos botines puro charro, le faltaban las espuelas. La conversación se alargó más de lo programado. A Felipe, profundo conocedor de México, le interesaba conocer la versión

que tenía un editor de las dimensiones de Vázquez Raña.

En su vocación por el riesgo y el periodismo, en 1986, adquirió la legendaria agencia de noticias norteamericana UPI que pasaba por una grave crisis económica. Trató de devolverle el viejo esplendor que había tenido, pensó que lo lograría, pero se encontró con una dificultad que no había calculado, la imposibilidad de vivir en Estados Unidos, por razones de impuestos, más de dos o tres meses al año y UPI necesitaba toda su dedicación y su talento. Además los norteamericanos, empezando por algunos directivos de la agencia,

“Fíjate qué noticia se perdieron: el presidente de UPI y el de EFE se matan en una carretera perdida de los montes del interior de Galicia”

pusieron toda clase de trabas a que un gallego-mexicano dominara el gran imperio informativo. Le dolió tener que venderla pero afirmaba que en vista de las circunstancias no tenía otra alternativa. Le dolió más porque no estaba acostumbrado a ese tipo de fracasos.

Un día de 1999 el presidente de ZETA, el inolvidable Antonio Asensio, nos llamó a José Oneto y a mi para que fuéramos a México a entrevistar Francisco Labastida, candidato del PRI a

revista *Tiempo* e eu para *El Periódico de Catalunya* que reproducirían os outros dez xornais do grupo. Por vez primeira en 70 anos as cousas non se presentaban fáciles para un candidato do PRI, o partido que dominara cunha case ditadura institucional a paisaxe política mexicana. Dous días antes da viaxe chamei a Mario para avisalo da chegada. Respondeume que estupendo, que me agardarían os seus colaboradores como sempre, que era un momento moi bo para ir, xa que a vida política estaba moi animada. Ao cabo de media hora chamábame el para dicirme que era unha feliz casualidade xa que ao día seguinte da miña chegada, o sábado, bautizaban aos seus dous netos xemelgos. Sería unha celebración familiar, á galega e á mexicana. Advertino que me acompañaba un coñecido xornalista español, Pepe Oneto; respondeu que cabíamos todos, que o levara por suposto. Chegamos puntuais á cerimonia oficiada polo cardeal arcebispo de México, Norberto Rivera, que soou entre os papables para suceder a Xoán Paulo II, un nome máis de acompañamento porque o Espírito Santo repartira cartas vantaxistas a favor de Joseph Ratzinger. A celebración foi na aparatosa residencia de Mario, nun pavillón especial para ese tipo de celebracións e outras quermeses levantado nunha esquina do parque-xardín e sobre cuxo teito pousaba un helicóptero a punto para levantar voo cando fose necesario. O concepto de celebración familiar tiña outros códigos lingüísticos no vocabulario deste magnate da comunicación e do deporte. Na mesa principal presidida por Mario e a súa esposa Paquita sentáronse, entre outros, o cardeal Rivera e cinco bispos, aparte do presidente do PRI, José Antonio González Fernández e altos mandatarios da política mexicana. Pepe Oneto e eu escoitabamos con particular curiosidade as bromas que un dos bispos, chamado Ovidio, lles gastaba aos políticos. No inmenso salón había unhas trescentas persoas. Ao terminar a comida e a longa sobremesa, na parte de abaixo e xunto a unha pista onde tiraban bolos media ducia de mozos, montouse unha timba ao subastado que enfrontaba ao cardeal Rivera e ao bispo Ovidio con Mario e o presidente do PRI. Os comentarios eran tan saborosos como as xogadas das que eramos espectadores asombrados Oneto e máis eu. Gañou o poder seglar despois de tres horas de apertada confrontación. Vimos que as relacións de Mario co altísimo clero eran excelentes, non en balde, entre outras cousas pagaba a seguridade do arcebispo, que en México é un capítulo importante e necesario.

Ao día seguinte, Oneto e máis eu, quedamos a comer con Mario no seu despacho de OEM. Atopámolo co candidato Francisco Labastida, ao que tiñamos que entrevistar dous días despois. Labastida non se quedou a comer, pero puidemos manter con el unha media hora de conversa que nos foi moi útil para a entrevista, aínda que menos que a charla con Mario durante a comida que nos deu moitas claves do mapa político de México.

Estes son algúns dos recordos vagabundos dos meus encontros con Mario Vázquez Raña, puro galego-mexicano. **G**

Alfonso S. Palomares é director da Casa de Galicia en Madrid

la presidencia de México. Pepe Oneto la haría para la revista *Tiempo* y yo para *El Periódico de Catalunya* que reproducirían los otros diez periódicos del grupo. Por primer primera vez en 70 años las cosas no se presentaban fáciles para un candidato del PRI, el partido que había dominado con una casi dictadura institucional el paisaje político mexicano. Dos días antes del viaje llamé a Mario para avisarle de la llegada. Me respondió que estupendo, que me esperarían sus colaboradores como siempre, que era un momento muy bueno para ir, ya que la vida política estaba muy animada. Al cabo de media hora me llamaba él para decirme que era una feliz casualidad ya que al día siguiente de mi llegada, el sábado, bautizaban a sus dos nietos gemelos. Sería una celebración familiar, a la gallega y a la mexicana. Le advertí que me acompañaba un conocido periodista español, Pepe Oneto; respondió que cabíamos todos, que lo levara por supuesto. Llegamos puntuales a la ceremonia oficiada por el cardenal arzobispo de México, Norberto Rivera, que sonó entre los papables para suceder a Juan Pablo II, un nombre más de acompañamiento porque el Espíritu Santo había repartido cartas ventajistas a favor de Joseph Ratzinger. La celebración fue en la aparatosa residencia de Mario, en un pabellón especial para ese tipo de de celebraciones y otras quermeses levantado en una esquina del parque-jardín y sobre cuyo techo posaba un helicóptero a punto, para levantar vuelo cuando fuera necesario. El concepto de celebración familiar tenía otros códigos lingüísticos en el vocabulario de este magnate de la comunicación y el deporte. En la mesa principal presidida por Mario y su esposa Paquita se sentaron, entre otros, el cardenal Rivera y cinco obispos, aparte del presidente del PRI, José Antonio González Fernández y altos mandatarios de la política mexicana. Pepe Oneto y yo escuchábamos con particular curiosidad las bromas que uno de los obispos, llamado Ovidio, gastaba a los políticos. En el inmenso salón había unas trescientas personas. Al terminar la comida y la larga sobremesa, en la parte de abajo y junto a una pista donde tiraban bolos media docena de jóvenes, se montó una timba al subastado que enfrontaba al cardenal Rivera y al obispo Ovidio con Mario y el presidente del PRI. Los comentarios eran tan sabrosos como las jugadas de las que éramos espectadores asombrados Oneto y yo. Ganó el poder seglar después de tres horas de apertada confrontación. Vimos que las relaciones de Mario con el altísimo clero eran excelentes, no en vano, entre otras cosas pagaba la seguridad del arzobispo, que en México es un capítulo importante y necesario.

Al día siguiente, Oneto y yo, quedamos a comer con Mario en su despacho de OEM. Lo encontramos con el candidato Francisco Labastida, al que teníamos que entrevistar dos días después. Labastida no se quedó a comer, pero pudimos mantener con él una media hora de conversación que nos fue muy útil para la entrevista, aunque menos que la charla con Mario durante la comida que nos dio muchas claves del mapa político de México.

Estos son algunos de los recuerdos vagabundos de mis encuentros con Mario Vázquez Raña, puro gallego-mexicano. **G**

Alfonso S. Palomares es director de la Casa de Galicia en Madrid.